



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Erasmus+

OBRADOIROS PARA SOLICITUDE DE PROXECTOS DE MOBILIDADE KA1

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, con motivo da convocatoria de Programas Europeos Erasmus + 2017, organiza unha xornada de dous obradoiros simultáneos de proxectos de mobilidade de KA1 para os centros que non tiveran participado en proxectos europeos nos últimos tres cursos e desexen solicitar proxectos europeos de mobilidade KA1 na presente convocatoria.

Os datos da xornada:

Data: 16 de xaneiro de 2017

Lugar: CAFI (Lamas de Abade, s/n - 15781 Santiago)

Horario: 9:30 h a 14.00 h

Esta información, xunto coa folla de inscrición, foron remitidas a todos os centros educativos (15 de decembro) e terán ata o 11 de xaneiro para inscribirse. Estes obradoiros repetiránse no mes de febreiro para apoiar ós centros na súa solicitude dunha asociación estratéxica KA2.

Esta formación práctica complementa a Xornada de Programas Europeos organizada polo CAFI o 26 de novembro que tivo como obxecto informar e difundir as principais posibilidades do programa Erasmus+.

Lémbrese que a convocatoria Erasmus + 2017 publicouse o pasado vinte de outubro de 2016 no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

<http://www.sepie.es/convocatoria/index.html>

Recole os seguintes prazos para proxectos relativos á educación e formación:

- Acción KA1, de mobilidade: 2 de febreiro 2017 (12.00 horas)
- Acción KA2 de asociacións estratéxicas: 29 de marzo 2017 (12.00 horas).

Con data de 13 de decembro de 2016, o SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación) publicou na súa páxina web www.sepie.es os formularios de solicitude e **formularios comentados**, como documentación de apoio ao solicitante, das accións KA1 do Programa Erasmus+, para a mobilidade para a convocatoria 2017. Están dispoñibles nos seguintes enlaces:

- Sector Escolar:

<http://www.sepie.es/educacion-escolar/informacion.html#formelect>



- Sector de Persoas Adultas:

<http://www.sepie.es/educacion-adultos/informacion.html#formelect>

- Sector de Formación Profesional (Ciclos formativos de Grao Medio):

<http://www.sepie.es/formacion-profesional/informacion.html#formelect>

- Sector Erasmus (Ciclos formativos de Grao Superior):

<http://www.sepie.es/educacion-adultos/informacion.html#formelect>

Ante calquera dúbida, poden contactar con nós en:

programas.europeos@edu.xunta.es